

## Programa de loita contra o estigma dirixido á poboación de entre 11 e 13 anos: Un hacker no meu cerebro

### Entidade executante

**Asociación Lar Pro saúde Mental Vilagarcía**  
(<https://larprosaludmental.com/>)

### Ámbito territorial

O programa desenvólvese nas localidades de Vilagarcía de Arousa, Ourense, Lugo e a Coruña.

### Persoas destinatarias

A poboación diana do proxecto son os/as adolescentes de idades comprendidas entre os 11 e 13 anos.

### Obxectivos

#### Xeral:

Loitar contra o estigma das enfermidades mentais na poboación infanto-xuvenil.

#### Específicos:

Proporcionar información atractiva e accesible sobre o funcionamento normal do cerebro.

Proporcionar información que permita diferenciar as alteracións e patoloxías que poidan estar presentes en los contextos máis próximos.

Dotar de ferramentas que favorezan a recuperación e a inclusión das persoas con enfermidade mental.

Fomentar a implicación da mocidade no proceso de recuperación das persoas con enfermidade mental.

Favorecer a identificación do INTRUSO como causante da enfermidade mental e aprender a relacionarse con el dende una visión positiva.

### Metodoloxía

Perspectiva lúdica, dinámica e divulgativa. Tomando por base una estratexia metodolóxica teórico-práctica, estruturada en tres fases de actuación: planificación, desenvolvemento e conclusión.